

de obtención do permiso e concesión de actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre, no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e no Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia, sométese a información pública o proxecto do establecemento e documentación complementaria para a tramitación da concesión de actividade, o proxecto sectorial e o estudo de impacto ambiental relativos á posta en funcionamento e explotación do seguinte establecemento de cultivos mariños:

Tipo: granxa mariña.

Actividade: cultivo.

Especies: peixes planos.

Localización: Costa Galloufa-Porto do Son (A Coruña).

Promotor: *Stolt Sea Farm, S.A.* (CIF A28682987).

Título do proxecto presentado para a tramitación da concesión de actividade: «Proxecto básico de construción: granxa integral de cultivo de peixes planos en Costa Galloufa. *Stolt Sea Farm, S.A.* Agosto 2006» visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia o 11 de setembro de 2006.

Título do proxecto sectorial: «Proxecto sectorial: granxa integral de cultivo de peixes planos en Costa Galloufa. *Stolt Sea Farm, S.A.* Xullo 2006».

Título do estudo de impacto ambiental: «Proxecto sectorial: granxa integral de cultivo de peixes planos en Costa Galloufa. Tomo II. E.I.A. Xullo 2006» elaborado por J. Fernando Rodríguez Pallares.

O expediente, así como a documentación complementaria, estará á disposición do público co fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinalo e achegar as alegacións e informacións que considere oportunas.

Prazo de exposición e para formular alegacións: trinta (30) días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

1. Lugar de exhibición do proxecto do establecemento e documentación complementaria presentada para a tramitación da concesión de actividade, así como do proxecto sectorial:

Servizo de Acuicultura, Dirección Xeral de Recursos Mariños. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Rúa do Valiño 63-65, 15781 Santiago de Compostela.

Horas: das 9.00 ás 14.00 horas.

2. Lugar de exhibición do estudo de impacto ambiental:

1) Servizo de Acuicultura, Dirección Xeral de Recursos Mariños. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Rúa do Valiño 63-65, 15781 Santiago de Compostela.

Horas: das 9.00 ás 14.00 horas.

2) Servizo de Recursos Mariños, Delegación Territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos na Coruña.

R/ Ramón y Cajal, 1 - 15006 A Coruña.

Horas: das 9.00 ás 14.00 horas.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2007.

Francisco Nicolás Fernández Cortés
Director xeral de Recursos Mariños

Anuncio do 21 de febreiro de 2007, da Dirección Xeral de Recursos Mariños, polo que se someten a información pública o proxecto do establecemento e documentación complementaria para a tramitación da autorización da ampliación, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental para a ampliación dunha granxa mariña de engorda de peixes planos en Quilmas-Carnota (A Coruña) promovida por Stolt Sea Farm, S.A.

Para os efectos previstos no Decreto 274/2003, do 9 de xuño, polo que se regula o procedemento de obtención do permiso e concesión de actividade para os establecementos de acuicultura e auxiliares de acuicultura na zona terrestre, no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e no Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia, sométese a información pública o proxecto do establecemento e documentación complementaria para a tramitación da autorización da ampliación, o proxecto sectorial e o estudo de impacto ambiental relativos á ampliación do seguinte establecemento de cultivos mariños:

Tipo: granxa mariña.

Actividade: cultivo.

Especies: peixes planos.

Localización: O Pindo, Quilmas-Carnota (A Coruña).

Promotor: *Stolt Sea Farm, S.A.* (CIF A28682987).

Data de outorgamento inicial: 21-9-1989 (DOG do 5-12-1989).

Título do proxecto presentado para a tramitación da autorización da ampliación: «Proxecto básico de construción: ampliación da granxa integral de cultivo de peixes planos en Quilmas. *Stolt Sea Farm, S.A.* Agosto 2006» visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia o 11 de setembro de 2006.

Título do proxecto sectorial: «Proxecto sectorial: ampliación da granxa integral de cultivos de peixes planos en Quilmas. *Stolt Sea Farm, S.A.* Xullo 2006».

Título do estudo de impacto ambiental: «Proxecto sectorial da ampliación dunha granxa integral de cultivo de peixes planos en Quilmas, no concello de Carnota (A Coruña). *Stolt Sea Farm, S.A.* Tomo II: estudo de impacto ambiental» elaborado en xullo de 2006 por J. Fernando Rodríguez Pallares.

O expediente, así como a documentación complementaria, estará á disposición do público co fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinalo e achegar as alegacións e informacións que coide oportunas.

Prazo de exposición e para formular alegacións: trinta (30) días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que teña lugar a publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

1. Lugar de exhibición do proxecto do establecemento e documentación complementaria presentada para a tramitación da autorización da ampliación, así como do proxecto sectorial:

Servizo de Acuicultura, Dirección Xeral de Recursos Mariños. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Rúa do Valiño 63-65, 15781 Santiago de Compostela.

Horas: das 9.00 ás 14.00 horas.

2. Lugar de exhibición do estudo de impacto ambiental:

1) Servizo de Acuicultura, Dirección Xeral de Recursos Mariños. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Rúa do Valiño 63-65, 15781 Santiago de Compostela.

Horas: das 9.00 ás 14.00 horas.

2) Servizo de Recursos Mariños, Delegación Territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos na Coruña.

R/ Ramón y Cajal, 1-15006 A Coruña.

Horas: das 9.00 ás 14.00 horas.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2007.

Francisco Nicolás Fernández Cortés
Director xeral de Recursos Mariños

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Edicto do 31 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se notifica a resolución do expediente sancionador en materia de caza OU-CAZ-0103/2006, ao non ser posible a súa notificación a través do servizo de correos.

De conformidade co disposto polo artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle á persoa que no

anexo se menciona, a resolución do procedemento no expediente sancionador OU-CAZ-0103/2006 seguido contra Agapito Barge Román por presunta infracción á Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 33, do 11 de xullo) ao non ser posible a súa notificación a través do servizo de correos.

O procedemento tramitado observou todos os trmites legais e regulamentarios establecidos e os principios informadores da potestade sancionadora, respectando os dereitos do presunto responsable e tendo en conta as circunstancias adversas e favorables ao infractor.

O expediente sancionador iniciouse con data 14 de xullo de 2006 polo que en virtude do artigo 20.6º do capítulo VI do Real decreto 1398/1992, do 4 de agosto, transcorre o prazo regulamentario que dispón o artigo 43.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a tramitación do presente expediente sancionador.

Por isto, resolvo declarar a caducidade do procedemento no expediente OU-0103/2006 CAZ, seguido a Agapito Barge Román, como autor/a responsable dunha infracción administrativa en materia de caza

Non obstante de acordo cos artigos 107, 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da presente publicación.

Transcorrido o prazo de interposición do recurso sen que este se presentara, esta resolución será firme para todos os efectos regulamentarios.

Ourense, 31 de xaneiro de 2007.

Celso Fernández López
Delegado provincial de Ourense

ANEXO

- Expediente: OU-CAZ-0103/2006.
- Denunciado: Agapito Barge Román.
- DNI: 76732970.
- Último enderezo coñecido: rúa San Sebastián nº 21-1º G, Xinzo de Limia 32630.
- Feito denunciado: adestramento dun can nun terreo de réxime cinético.
- Lugar: Cortegada, Xinzo de Limia.
- Data do feito: 5-3-2006.
- Data da incoación 14-7-2006.
- Data da proposta 11-12-2006.
- Data da resolución: 31-1-2007.
- Precepto infrinxido e sancionador: artigo 57.13º e 57.35º da Lei 4/1997, de caza de Galicia, considerado como infracción leve.
- Competencia de resolución (artigo 68): delegado provincial da consellería.
- Contido: caducidade.